

LETRAS GALEGAS PARA FLORENCIO

Habería tantas razóns contundentes para que se tivera en conta ao noso poeta de Córcomo como merecedor do día das Letras Galegas que poderíamos encher páxinas e páxinas sen descanso. Non só por consideralo un artista comprometido cunha produción literaria contundente, poeta de vangarda, innovador e atrevido, político vencellado á nosa terra, á nosa xente e ao noso idioma, defensor de ideas que nos fixeron máis libres e sufridor dun exilio inxusto e doloroso.

Florencio, foi, é e será a voz da natureza, da terra, do río, da flora e da beleza. O poeta do viño e da ledicia. Foi o trovador que agochou baixo as súas costas a tristura de estar lonxe, mentres facía saír dos seus beizos verbas alentadoras, amigas da paisaxe valdeorresa, proxeccións de vitalidade e de amor.

Florencio foi, é e será a voz augardentosa desta nosa Valdeorras, o berro das cigoñas e a cantiga dos mouchos.

Florencio, o noso tío Florencio, como lle chamabamos na familia. É un orgullo para a nosa xente e debe selo para todas e todos os galegos. É o noso deber recoñecelo, gozalo e compartilo. Porque a poesía fai a vida completa e a súa poesía fixo de Valdeorras un lugar máis fermoso e máis completo.

Fátima Núñez Delgado
Actriz, poeta e dramaturga.